

Igrexa de Rebordelo (parroquial de San Martiño)

Patrimonio Cultural do
Concello de Cotobade



Descrición

A edificación presenta planta rectangular. Capela con bóveda de arestas e clave central. Arco triunfal de medio punto sobre piastras. Nave en tres tramos con bóveda de lunetos e arcos faixóns de medio punto sobre piastras. Sancristía tras o altar con bóveda de canón sobre imposta con decoración de rosetas corridas. Fachada: Porta alintelada recercada de molduras, frontón semicircular partido con volutas, pináculos pegados e fiestra cadrada cercada de molduras planas. Decoración de placas e campanario central, laterais con volutas e molduras cóncavas e convexas e nas esquinas pináculos rematando piastras. Laterais: Dous contrafortes en forma de piastra. Capela cadrada destacada en altura, cuberta a catro augas e enmarcada de piastras, sancristía moi baixa, a dúas augas e no vértice caneiro e cruz.



Adscrición cultural

Sen definir

Tipoloxía

Igrexa

LOCALIZACIÓN

Parroquia

Rebordelo

Lugar

Coordenadas UTMT29 ETRS89

X: 542053 Y: 4701851

Coordenadas WGS84

Lonxitude: -8.489998 O

Latitude: 42.465933 N

